



Acta da Asamblexa Xeral

10 xullo de 2020

Lugar: Sede Federativa- Rúa Castelao, 21, Ent. 2 (Telemática a través de zoom)

Hora: 20:00 h. horas

Orde do día

Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.

Memoria e Contas 2019. Aprobación se procede.

Calendarios e normativas.

Rogos e Preguntas

Asistentes:

Presidente-Gonzalo Mario Triunfo Delgado

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

ESTAMENTO DE CLUBS

Artrogal- Tri 498- José Riveiro

Cidade de Lugo Fluvial-Adrian Vázquez

Club Triatlón Mar de Vigo- Julio Alvarez-Buylla

Triatlón Ferrol- (Juan Luis Pedrosa-Delegación)

Triatlón Rias Baixas- Enrique Hernández

CA Sada-(Pablo Vilas-Delegación)

Nosport Limit-(Ricardo Rey-Delegación)

Triatlón Santiago- (José Ramón González-Delegación)

AD Náutico Narón- Amando Guerrero

Triatlón Coruña-Arturo López

AD Tripenta Terras de Lugo (José Vila-Delegación)

ESTAMENTO DEPORTISTAS

Gonzalo Triunfo Delgado*

Francisco Javier Iglesias Prado

Patricio Cruz Farías Forneiro

ESTAMENTO TÉCNICOS

Luis Alberto Pina Refojos

ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro*

Asisten os seguintes membros da Xunta Directiva sen dereito a voto.

Vicepresidente- José Manuel Saborido

Tesorera- Bárbara Carbajales

Asiste para expoñer as cuestións contables por petición do Presidente o asesor Alejandro Lamela

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comprobado o quorum comeza a sesión ás 20:15 h.

O presidente introduce a situación actual e o feito de desenvolver esta Asemblea de xeito telemático, cuestión que se ven dando debido á situación do COVID19. Infórmase aos presentes de que se vai gravar a xuntanza para os efectos de elaboración da acta.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

O presidente indica que a acta foi enviada a todos os membros e se alguén desexa facer algunha anotación ao respecto. Procédese á votación da acta

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións- 3

Queda aprobada a acta.

2.- Memoria e Contas 2019. Aprobación se procede.

Alejandro Lamela comeza explicando e pedindo desculpas polo reenvío no día de hoxe dunha modificación porque se lle pasara incluír a subvención FETRI debido a que estaban pechadas en marzo e ao revisar deuse conta desa falta.

Comeza a exposición indicando que se baseará na comparación coa tempada anterior 2018. Resalta a baixada de probas e a creación dunha conta específica para o Northwest Triman para reflectir a súa incidencia no importe aínda que non ten repercusión no beneficio/perda xa que as inscricións son integras para os organizadores. Menciona a baixada relacionada de ingresos gastos de arbitraje, seguros, médicos e servizos federativos. Indica unha baixada na suma total de ingresos de licenzas debido principalmente ás licenzas de 1 día que leva tamén consigo unha baixada no gasto de seguros. Julio Alvarez-Buylla indica que na memoria se recolle que subiron as licenzas e segundo isto parece que baixaron, ao que se lle responde que as licenzas federativas de tempada incrementáronse moi pouco con respecto á tempada anterior pero houbo máis en 2019, indicase posteriormente que parte dos ingresos están na conta 555 cando non se sabe de quen son os ingresos polo programa de licenzas

O asesor expón que na conta de premios se acumularon dous anos 2018 e 2019 por non entrar en decembro. Julio Alvarez-Buylla pregunta se o incremento é de 9.000 euros e si se meteron tamén en 2017 dous anos ao que Alejandro Lamela indica que non, que viñan con retraso e en 2019 se puxeron ao día. Redúcense os ingresos de Escolas como tal polo cambio en xuño da organización das mesmas. Explica o cambio na contabilización do encontro de menores que antes se incluían na conta de escolas. Reflicte o patrocinio polo programa de Loita contra a violencia de xénero e explica o detalle das subvencións e como se contabilizaron FETRI, SXD e Equipamentos. En canto á conta de persoal explica o incremento debido ás indemnizacións.

Arturo López, manifesta que quere facer unha anotación á conta de Provisións do Balance porque non a ve en perdas de ganancias, ao que Alejandro Lamela lle indica que non está en perdas e ganancias porque non é un gasto en firme, é un depósito xudicial de varios xuízos e non é firme ata que se resolvan as situacións. Arturo Lago manifesta que non o considera correcto e da a súa explicación técnica a unha situación que parece que hai un beneficio e con este gasto reflectido sería unha perda dun importe elevado. O asesor explícalle que debe ser recollido no momento ou ano que lle corresponda no que sexa firme. O asesor e Arturo Lago debaten esta contabilización e fanse varias intervencións tendo en consideración se os cartos están na FEGATRI ou non e se pode dispor deles para os clubs, por parte de Ricardo Rey, Luis Piña e Julio Álvarez-Buylla. José Manuel Saborido explica o funcionamento das provisións a nivel xudicial onde a previsión inicial dun gasto pode ter un resultado diferente por aparecer irregularidades do tipo de clasificación de categorías que non estaban consideradas correctamente, contratos fixos discontinuos en fraude de lei ou semellantes e que poden incrementar o gasto. Pregunta a Alejandro Lamela cal é por costume o criterio contable ao que Alejandro Lamela explica que o ano contable recolle todo o que suceda de 1 de xaneiro a 31 de decembro. Considerando algo totalmente técnico, facendo referencia á acta de aprobación das contas 2014 (acta 6/11/2015) en resposta á pregunta de Francisco Javier Iglesias Prado, onde a Auditoría dese momento fixo refacer as contas ao contabilizar feitos que non tiñan soporte documental firme. Ofrécese á Asemblea Xeral se así o considera, votar o cambio de criterio conforme ao indicado por Arturo Lago como Depósito Xudicial ou votar levar as contas a auditoría se así o consideran. Arturo López pregunta pola obriga de facer auditoría e indicaselle que só temos obriga de facela cando a Secretaría Xeral así o indica vía resolución pero a Asemblea é soberana para decidir levar as contas a auditoría. Finalmente a pregunta de se alguén quere votar a estas dúas opción ningúen responde favorablemente. Continúase coa explicación do resto de contas.

Julio Alvarez-Buylla manifesta que vai votar en contra porque considera que dos ingresos da subvención da Xunta de Galicia non se está dedicando case nada á promoción do deporte de base e polo gasto en cambiar os técnicos xa que vai a costa de todos.

Procédese á votación da acta

Votos a favor- 11

Votos en contra-4 – José Vila (AD Tripenta Terras de Lugo), Arturo López (Triatlón Coruña), Julio Álvarez-Buylla (CT Mar de Vigo), Luis Piña

Abstencións- 1- Juan Luis Pedrosa (Triatlón Ferrol)

Quedan aprobadas as contas de acordo aos votos emitidos.



3.- Calendarios e normativas.

O presidente informa das xuntanzas coa Secretaría Xeral para o Deporte en relación á continuidade das probas xa no dende o mes de marzo, cancelando o necesario e facendo os plans para a posible volta á competición.

Informa do calendario provisional aprobado en Comisión Delegada agardando que este se poida desenvolver de acordo ás condicións que se veñan dando que pode precisar de modificacións. Informa da creación da plataforma Fisicovid para elaboración de protocolos dos distintos deportes a través de grupos de traballo das federacións galegas coordinado pola SXD. A día de hoxe non sería posible competir pero unha vez revisados os protocolos subidos á plataforma, a SXD revisará e validará e fará públicos para poder facer competición.

Arturo Lago pide que se rectifique a memoria engadindo a Omar González que non aparece por erro no persoal 2019.

4.- Rogos e Preguntas

1.- Difusión da convocatoria de deportistas de base por medio da FEGATRI.

Julio Álvarez-Buylla pide a palabra e indica que as convocatorias se deben publicar e comunicar aos clubs e o club contactar cos deportistas e manifesta que en dous casos se contactou directamente cos deportistas, cuestión que non lle parece adecuada. José Ramón González indica que houbo chamada aos deportistas para poder cambiar de provincia debido a que nalgunha cidade estaba completa.

Indícaselle que a convocatoria foi publicada na web onde aínda figura e enviada a todos. O presidente indica que non lle consta se os técnicos contactaron cos deportistas como Julio Álvarez-Buylla indica, en todo caso parécelle correcto e comprométese a falar cos técnicos para que isto non se volva a dar e se canalice dese xeito.

2.- Nada e Corre 2019 organizado polo Club Triatlón Mar de Vigo

Julio Álvarez-Buylla expón que o CT Mar de Vigo explotaba as escolas de Vigo da Federación. Indica que ata o de agora a FEGATRI asumía os gastos de instalacións para o nada e corre considerándoo unha actividade da escola e aínda que figura como organizado polo CT Mar de Vigo que estaba organizado pola FEGATRI e parécelle unha situación revanchista e non de xustiza que en 2019 non se lles pague porque así o tiñan pactado coa anterior Xunta Directiva. Contactou co Delegado de Pontevedra que lle indicou que isto é unha cuestión de acordar en Asemblea, aínda que el opina diferente solicita que se vote. Indícaselle que o nada e corre é unha actividade creada polos clubs e para os clubs e o único gasto que se aboa aos organizadores é o recollido nos acordos asemblearios, transcrito ao regulamento do Nada e Corre (aboardanse as ambulancias, trofeos e os xuices para a final galega). De pagar as instalacións debería recollese isto para todos os clubs organizadores por igual. Todos os asembleístas que o organizaron confirman que non recibiron ningún pago polas instalacións, descoñecen se había algún acordo interno co CT Mar de Vigo e Gonzalo indica que non apareceu ningún convenio específico co CT Mar de Vigo.

Abandonan a asemblea Amando Guerrero, Pablo Vilas e Luis Piña.

Na medida en que isto afecta ás contas aínda sen proceder unha votación en rogos e preguntas, lévase por petición de Julio Álvarez Buylla a votación o feito de aboar esta factura ao CT Mar de Vigo.

Votos a favor.- 3 (CT Mar de Vigo, AD Tripenta Terras de Lugo e Triatlón Coruña)

Votos en contra.-10

Abstencións-0

Acórdase non aboar esta factura ao CT Mar de Vigo de acordo aos regulamentos aprobados.

3.- Decisións da Federación respecto ao cobro de licenzas aos clubs e licenzas independentes consecuencia da interrupción da competición debida á crise sanitaria da COVID19

Julio Alvarez-Buylla toma a palabra e explica que se debería devolver ou mantelo para a próxima tempada.

O presidente explica que o custe dunha licenza deportiva vai desagregado en moitas partes nas que a pesar do confinamento seguiron coas prestacións vixentes. Houbo competición e séguese programando competición, configuráronse tres circuitos o Duatlon cros xa disputado. A licenza ten un seguro que estivo vixente en todo momento durante o confinamento e durante toda a tempada, abonos do servizo administrativo aportado a deportistas e competición.

4.- Fomento do deporte de base e accións propostas pola Federación.


O presidente explica que o fomento do deporte base é prioritario para a Federación, non só Pontevedra, creanse axudas para apoiar ás escolas e a nova creación para que poidan traballar de forma autónoma, fomentando a participación, realización de concentracións, creación de clinics nas distintas provincias coordinadas pola Dirección Técnica e tentando que traballen coa visibilidade dos deportistas do CGTD e elite como referencia e de cara a 2020 viuse truncado pola COVID19 pero seguirase tentando para 2021 seguir nesta liña

5.- Impacto económico do cambio do Staff Técnico

Julio Alvarez-Buylla toma a palabra e expresa que considera que o cambio de staff leva un gasto que vai ir contra o deporte base e os cartos para os clubs. Pregunta se había algo grave no anterior corpo técnico para asumir o cargo económico final que isto vai traer consigo.

O presidente responde que cando se chegou á presidencia, se revisou a situación e se tomou a decisión de reorganizar o equipo técnico, non se prescindiu de ningún técnico por falta de valor pero si co fin de reorganizar e facer fronte a situacións laborais irregulares, por exemplo asumir unha reclamación dun despido improcedente pola situación dun contrato fixo-discontinuo que se enviaba ao desemprego un mes cada ano, reclamacións por categorías profesionais que non eran correctas, convenio colectivo mal aplicado e evidentemente isto leva consigo gastos que non estaban previstos. Indica que hai cousas en proceso xudicial e que se explicarán no seu momento.

Levántase a sesión ás 23:45 h.



Asdo.- A Secretaría Xeral
Mónica Flores Ferreiro

VºBº
FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO
Rúa Castelao 21, ent 0
27001 Lugo | 982 251 345 do.- O presidente
N.I.F.: V36703932 Gonzalo Trunfo Delgado.

